

ACTA DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN 15 DE MARZO DE 2022

O día 15 de marzo do 2022, as 12,30 horas, reúnese a Comisión de Avaliación integrada por D^a María José Castro Carballal, D. Emilio López Agra e D. Juan Neiro Pulleiro, segundo o establecido na base 7^a da resolución da valedora, do 15 de novembro do 2021, pola que se convoca o concurso de méritos para a provisión de dúas prazas vacantes do corpo auxiliar nesta institución, , ca seguinte orde do día:

1^a) Contestación ao escrito do CSIF (R. E. 1876/22).

Visto o escrito de contestación do secretario Xeral da valedoría ao punto 4^o do escrito do coordinador do Sector Autonómico do sindicato CSIF Galicia, do 22/02/2022, no que, entre outras cuestións, lle comunica que da traslado de dito escrita á Comisión de avaliación para a contestación ao 3 primeiros puntos, esta comisión acorda comunicarlle o seguinte:

A) Respecto da non publicación da solicitude de participación no mesmo como anexo ás bases da convocatoria, non procedía, como así constaba nas propias bases, posto que se trataba dun procedemento electrónico de acordo co establecido nas no punto 5.2 das bases que rexen a convocatoria.

B) En relación coa publicación do formulario electrónico na páxina web da institución, infórmolle que o dito formulario foi accesible na páxina web da Institución simultaneamente coa publicación do procedemento de concurso no DOG, ás 00:00 horas do día 23/11/2021.

C) Respecto dos erros que se produciron na solicitude de participación publicada na web da Valedora do Pobo referentes á valoración dos cursos de formación e perfeccionamento, foron corrixidos en canto se detectaron, comunicándollos de conformidade co establecido na normativa de procedemento administrativo, mediante carta certificada, con acuse de recibo, a todas as persoas que tiñan ata ese momento presentada a súa solicitude de participación, para que alegasen o que ao seus intereses conviñese. As alegacións presentadas, foron recollidas e incorporados a cada formulario.

2^a) Solicitude de documentación dos méritos alegados aos 2 primeiros participantes das puntuacións definitivas.

De acordo co artigo 4.6, parágrafo 2, da resolución da valedora do Pobo do 28 de xullo do 2021, acórdase solicitar a documentación aos dous primeiros participantes da relación de puntuacións definitivas, concedéndolle un prazo de 10 días, para que acrediten os méritos alegados na solicitude. Dita solicitude realizarase mediante notificación postal con acuse de recibo dacordo coa normativa vixente e simultaneamente se lles participará por correo electrónico aos dous primeiros clasificados nas puntuación definitivas.

Levántase a sesión sendo as 13:30 horas do día e lugar arriba indicados.



María José Castro Carballal



Emilio López Agra



Juan Neiro Pulleiro